



CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 14/11/2024

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

PAOLA MARÍA MOCHALES

VOGAIS

JESUS REY RODRIGUEZ
ROSA ABUÍN RODRÍGUEZ
CARLOS COIRA LOJO

XERENTE

SONIA GARCÍA CORZO

TÉCNICO

EMILIO PUMAR DURÁN

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:05 do día 14/11/2024 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17-oct-2024, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

PRP2024/4359

Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por D. Chistian José Ríos Pérez para peche con fronte a vía pública con portal, na Avd. de Cornazo nº 31 (Ref. Cat. 9445701NH1194N0001SZ), polos motivos indicados no informe técnico:

- O muro tipo B invade terreos destinadoa a viario, o que non é admisible.
- As obras de urbanización sobre os terreos de cesión non poden ser obxecto de comunicación previa, deberán tramitarse por licenza. (Expte. URB/2024/000395)

PRP2024/4360

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Gesenco Gestión en Comunidades S.L. en representación de COM. PROP. A CONCHA 1, para obras de mantemento de cuberta e fachadas en edificio e vivendas situado na rúa da Concha nº 1 (Ref. Cat. 9469020NH1196N), sen modificación de volume nin estrutura.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/000897)

PRP2024/4361

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Constructora Río Pequeno S.L. en representación de D. Fco. Javier Paz-Ares Rodríguez, para obras de renovación de solado e pintado de paramentos en piso situado na rúa Mulatas nº 8, Esc. 3- 4ºF (Ref. Cat. 9469020NH1196N0114BX), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/000930)

PRP2024/4362

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Mauro Lomba Martínez en representación de Dña. Marina Puig García, para obras de acondicionamento de piso con renovación de acabados na Avd. Rosalía de Castro nº 95, 8º B (Ref. Cat. 9175602NH1197N0015LF), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/000933)

PRP2024/4363

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Jesús Cao Losada, para obras de reparación de greta interior e eliminación de cableado de fachada de edificio de vivendas situada na Avd. da Mariña nº 68 (Ref. Cat. 9364608NH1196S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/000947)

PRP2024/4384

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Gloria Dorgambide Pérez, para obras de **peche provisional** (con malla e tubo de aceiro) en parcela de núcleo rural sen desenvolver, na lonxitude e coa xeometría que na documentación indica, en parcela situada na rúa da Canteira nº 20, A Laxe (Ref. Cat. 0053206NH2105S0001MX), tendo en conta as seguintes consideracións indicadas nos informes técnico e xurídico emitidos:

- Trátase dun peche provisional que se adapta á tipoloxía, aínda que non ás aliñacións que indica o PXOM, necesario para preservar o acceso á parcela, sen prexuízo do seu derrube por orde municipal a efectos da execución, no seu momento, dos viais aos que dá fronte a parcela, sen dereito a indemnización.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2021/000097)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

PRP2024/4364

Informar favorablemente a solicitude de Kasilh Telecom S.L. en representación de Red Eléctrica Infraestructuras de Telecomunicación S.A, para obras de ampliación da rede de telecomunicacións con canalización soterrada de 52 ml e arqueta, en Camiño Real de Badiña, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

- Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o **fresado da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

GABIA LONXITUDINAL

- Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse ao **fresado da metade do vial**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
- Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000747)

PRP2024/4365

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Paula Souto Buceta para acometida á rede de auga para o servizo de obra na Avda. Rosalía de Castro nº 121 (Ref. Cat. 8978301NH1187N0007MT), visto o escrito presentado en data 28.10.2024, no que manifesta que non é posible a conexión dende o interior do edificio, como se lle indicaba na Resolución de Alcaldía de data 3/10/2024, solicita a **excepcionalidade** de acometida independente dende a rede xeral de auga, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 50 x 50 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable na fachada da edificación.
- O uso da auga **será exclusivamente para as necesidades da construción da obra**, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expt. URB/2024/000767)

PRP2024/4366

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jaime dos Reis Varela para executar obras na beirarrúa para substitución de acometida de auga xeral ao edificio, nova instalación de contadores e reparación e baixante de auga, en edificio situado na rúa Alejandro Cerecedo nº 17 (Ref. Cat.: 9359009NH1195N0005IL), baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
3. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
4. A arqueta executarase con marco e tapa de Fundición Dúctil, que deberá estar perfectamente enrasada co pavimento da vía.
5. Repoñerase o pavimento da vía pública coa mesma tipoloxía que o existente.
6. No que respecta a instalación da nova batería de contadores de auga deberá poñerse en contacto coa empresa concesionaria do servizo , Espina e Delfin, S.L. para a súa conformidade.
7. A fianza de 500,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000870)

PRP2024/4367

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na rúa 8 de Marzo - Arealonga 15 (Nª SDG: 638224080059), consistentes na execución de 25 ml de nova canalización soterrada da rede eléctrica de 0,4 x 1,00 m. con tubo PEAD diámetro 160 mm. para conectar con CPM de cliente, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).

- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

- Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse ao **fresado da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

GABIA LONXITUDINAL

- Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse ao **fresado da metade do carril**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
- Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 2.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000899)

PRP2024/4368

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Ángeles Rodríguez Barreiro, para obras de acometida á rede de saneamento na Praza San Miguel, 16 - A Torre (Ref. Cat. 0066819NH2106N0001EI) , baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de **PVC de**

diámetro 160 mm como mínimo.

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición de 60 x 60 cm.
- A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000911)

PRP2024/4369

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Pablo Ledesma Thalheimer en representación de TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU, para obras de instalación de estación base de telefonía móbil sobre infraestrutura de telecomunicacións existente en azotea na Rúa Castelao nº 7 (Ref. Cat.: 9360001NH1196S) , baixo as seguintes condicións:

- Previo o inicio da actividade deberá achegar certificado de dirección de obra, certificado do instalador así como as autorizacións para a súa posta en funcionamento da Secretaría de Telecomunicacións.
- As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2024/000916)

PRP2024/4370

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Purificación De La Torre Abalo, para obras de acometidas ás redes de auga e saneamento, na rúa Do Pazo nº 37, Rubiáns (Ref. Cat. 2441102NH2124S0001QD), sen efectuar a conexión ata que obteña a licenza de primeira ocupación, baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- Para poder conectarse á rede xeral de abastecemento de auga deberá realizar pola súa conta **unha extensión da rede de 34 metros** aproximadamente en PVC diámetro 75 mm.
- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

CONEXIÓN

REDE

DE

SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O punto de conexión fixarao o persoal do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución baixo a súa inspección e vixilancia.

- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- A recollida de Augas Pluviais realizarase en rede independente. (Expte. URB/2024/000919)

PRP2024/4371

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Dolores Miranda Carou, para vado permanente na rúa Campanario nº 38, Bamio (Ref. Cat.: 9900810NH1290S0001ES), sen precisar rebaixe de bairarrúa.

Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello. Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2024/000681).

PRP2024/4372

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Christhian José Ríos Pérez para apertura de entrada a vivenda unifamiliar na Avd Cornazo nº 31, Cornazo (Ref. Cat. 9445701NH1194N0001SZ), tendo en conta a documentación presentada e baixo as seguintes condicións:

Para as obras de peche parcial de linde norte de parcela:

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Respectaranse as servidumes que existan.

Para as obras de urbanización:

Segundo o plano aportado o cerre de parcela vaise realizar no interior da súa parcela e retranqueado da alineación establecida no PXOM.

Completarase a pavimentación exterior do vial na totalidade da fronte da parcela, coa mesma tipoloxía que o existente, respectando as rasantes de pendentes existentes no vial público ao que dá fronte a parcela.

Non poderá quedar nas zonas de dominio público vinculadas as cesións de referencia, ningún tipo de obxeto ou obstáculo que impida ou dificulte a libre circulación de vehículos ou peóns.

No caso de ter que realizar rampas de acceso á parcela, estas deberán de executarse fora da zona de dominio público.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2024/000939)

PRP2024/4373

Informar favorablemente a declaración responsable presentada por D. Carlos Javier Herraiz Martínez en representación de DIGI SPAIN TELECOM S.L.U., para realizar a implantación e despliegue da rede de fibra óptica FTTH, de conformidade co Plan de Despliegue para rede de fibra óptica **a través de canalizacións subterráneas existentes en dominio público**, redactado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións D. Pablo Ruíz Sánchez, baixo as seguintes condicións:

- No caso que para o despliegue fose preciso a execución de obra civil, deberán solicitar previamente a preceptiva licenza municipal.
- Nas zonas a actuar suxeitas a afeccións sectoriais (infraestruturas, augas, patrimonio, etc) deberán achegar previamente os informes e autorizacións sectoriais preceptivas.
- Co obxecto de incorporar as infraestruturas do plan no inventario municipal de infraestruturas de telecomunicacións, o operador de telecomunicacións, aportará unha copia dos arquivos informáticos en extensión shape, para a súa consulta en programas informáticos GIS. (Expte. URB/2024/000943)

PRP2024/4374

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Lourdes Peñalver Martínez en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, para substitución de un poste para ampliación da rede de telecomunicacións na rúa Fontecarmoa, 118 (s/ref. 8657767 - 4036096) , baixo as seguintes condicións:

- Realizarse un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
- Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderán derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
- As obras executaranse cumprindo totalas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
- A colocación dos postes previstos deberán respectar a alineación establecida no PXOM.
- No caso que por circunstancias especiais houberse que colocar o poste a distancias menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os poste se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non supoñerá ningún dereito de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2024/000944)

PRP2024/4386

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Lourdes Peñalver Martínez en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, para instalación de 3 postes de fibra para ampliación da rede de telecomunicacións na rúa Ande nº 36, Rubiáns (s/ref. 8494303- 3795885) , baixo as seguintes condicións:

- Realizarase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
- Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderán derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
- As obras executaránse cumprindo totaldas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
- A colocación dos postes previstos deberán respectar a alineación establecida no PXOM.
- No caso que por circunstancias especiais houberse que colocar o poste a distancias menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os poste se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non supoñerá ningún dereito de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2023/001008)

PRP2024/4387

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Antonio Raposo Vidal en representación de VANTAGE TOWERS SLU, para legalización dun mástil nunha infraestrutura existente de telecomunicacións na Avda. Dr. Tourón nº 55, baixo as seguintes condicións:

- Con data 17.10.2024 achega Certificado Final de obra.
- Previo inicio da actividade achegarase comunicación que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade.
- Deberase concertar hora e data para realizar visita de comprobación (Enxeñeiro Técnico Municipal - ext. 528). (Expt. URB/2024/000945)

PRP2024/4388

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Martínez Lorenzo, para vado permanente na Avd. Rosalía de Castro nº 125 (Ref. Cat.: 8978805NH1187N0002TM), sen precisar rebaixe de bairrúa.

Comunicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello. Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar,

para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo. Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2024/000853).

PRP2024/4389

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Avelino Barreiro Moroño, para vado permanente na Avd. Rosalía de Castro nº 125 A (Ref. Cat.: 8978805NH1187N0001WB), sen precisar rebaixe de bairarrúa.

Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello. Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2024/000854).

PRP2024/4390

Informar desfavorablemente a solicitude de licenza presentada por D. José Solla Dopazo, para acometida á rede xeral de distribución de auga na rúa Ande - Rubiáns (Ref. Cat.: 2138940NH2123N0005LG), para un local que se atopa dentro dunha edificación conxunta, polo que dispoñen dunha única acometida por edificación, polo tanto e de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal de data 7/11/2024, deberá ser a Comunidade de Propietarios da edificación a que solicite acometida definitiva de auga e saneamento e, unha vez autorizadas, será o momento de que cada propietario poida realizar a alta no subministro de forma independente (Expt. URB/2024/000920)

PRP2024/4391

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Antonio Alonso Souto, para acometida á rede xeral de distribución de auga para almacén situado na rúa A Cruz, 25 - Carril (Ref. Cat. 8481414NH1188S0001DQ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 50 x 50 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra do inmovible, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada

pola empresa Concesionaria do Servizo de Augas. (Ten acometida existente en plomo diámetro 25 mm., deberase substituir por PVC diámetro 32 mm.) (Expt. URB/2024/000941)

LICENZAS DE SEGREGACIÓN

PRP2024/4382

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Carmen Cardalda Nogueira, para segregación de parcela na rúa Canto, Sobrán (Ref. Cat.: 7643705NH1174S0001LZ), de conformidade co proxecto de segregación de fincas redactado polo técnico superior en operacións topográficas, asinado o 17.04.2023.

Consta no expediente acta de cesión de terreos afectados por aliñacións para a súa incorporación á vía pública de data 30.10.2024.

Segundo o proxecto presentado a distribución das parcelas quedaría como a seguir se indica:

- Parcela Inicial:
 - Finca matriz inicial.- 4.726,05 m²
- Parcelas Resultantes:
 - Parcela resultante 1.- 1.357,78 m²
 - Parcela resultante 2.- 2.969,12 m²
 - Parcela resultante 3.- 399,15 m² (Cesión a viais)

Os interesados deberán proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade da parcela obxecto de cesión, libre de cargas e gravames, a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa, (Expt. URB/2024/000014)

PRP2024/4383

RETIRADO (INFORME XURÍDICO DESFAVORABLE)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2024/4375

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por Espinosa & Rodríguez Architects Projects Managers S.L. en representación de Dna. Josefa Encarnación Maneiro Romero e D. Dietmar Paul Berger, para rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras situada na Avd. Rosalía de Castro nº 61 (Ref. Cat. 9370005NH1197S0001HA), redactado polos arquitectos D. Antonio Espinosa Murias e D. Antonio Rodríguez Martín, con visado colexial de data 2/08/2024 e oficios de dirección de execución material e de coordinador de seguridade e saúde de data 24/09/2024. (Expte. URB/2019/000556)

PRP2024/4385

Informar desfavorablemente, vistos os informes técnico e xurídico, a solicitude de licenza presentada por Dna. Carmen Casais Carreño para construción de edificación destinada a garaxe-almacén na rúa Arealonga nº 59, A Laxe (Ref. Cat.: 0255906NH2105N0001XF, por falta de

presentación de documentación requirida con data 18/03/2019, entre outra, a autorización preceptiva de Augas de Galicia, debendo proceder ao arquivo do expediente. (URB/2018/000471).

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:25 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.